Máx. 20 | Mín. 14 | VIERNES 13 DE JUNIO DE 2014 | NÚMERO 5.795

EL PROGRESO

# A Mariña



## EL CAMPUS DEL XOVE FS CONTARÁ CON LA PRESENCIA DE ADRI

El internacional ferrolano de El Pozo Murcia será el invitado estelar de la tercera edición del clínic > 12

# Los concellos solicitarán un centenar de socorristas para vigilar las playas

Algunos **alcaldes** reconocen que si la Xunta no subvenciona todo el personal necesario ellos no podrán asumir **el gasto** ▸ Barreiros, Foz y Ribadeo son los municipios **con mayor número** de contrataciones > 2



## Otro atractivo para Ribadeo

La Travesía Náutica Xacobea, con 35 participantes, partirá el 6 de julio de la villa ▸ La bandera azul ya luce en el puerto P7

Izado de la bandera azul, en el puerto deportivo de Ribadeo. JOSÉ Mª ÁLVEZ

ACADEMIA A Mariña
Tfno.: 982 585 098
900 101 362
AUTORIZADO POR: XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR Dirección Xeral de Emprego e Formación
DOCENCIA DE LA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA EL EMPLEO
(SSCE0110) – Certificado de Profesionalidad Oficial (Incluye prácticas)
FORMACIÓN REQUERIDA PARA SER TUTOR O PROFESOR DE LOS CURSOS DE CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDAD ONLINE
OBLIGATORIO PARA DAR CLASE / IMPARTIR CURSOS
¿TE VAS A QUEDAR FUERA?
¡Ya estamos de vuelta! JULIO Y AGOSTO
Escuela de minitalentos
Programa de desarrollo para fomentar el talento de tus hijos/as.
GUARDA RURAL
(GUARDA DE CAMPO, CAZA Y PESCA)
Varias convocatorias
BIENESTAR ANIMAL
TRANSPORTE DE ANIMALES VIVOS
VIGILANTE DE SEGURIDAD
Varias convocatorias a lo largo del año

EN UN MINUTO

Servicio

## El gobierno y la oposición de Burela mantienen un bronco debate por la guardería > 3

**BARREIROS** Un incendio pone en peligro documentos del siglo XX > 8

**VIVEIRO** Las pérdidas de Turviveiro superan los 91.000 euros > 6

**FOZ** La hostelería adapta las terrazas a la nueva norma sin problemas > 4

# Ribadeo

ribadeo@elprogreso.es

# A Travesía Xacobea reunirá na vila 35 embarcacións europeas

▸ O porto deportivo será punto de partida dunha ruta que conmemora a peregrinación de San Francisco




Presentanción da travesía, en Ribadeo JOSÉ Mª ÁLVEZ

RUBÉN DE ROSENDE
ribadeo@elprogreso.es

RIBADEO. Trinta e cinco embarcacións procedentes de Inglaterra, Francia e o cantábrico español tomarán partida na ruta atlántica da I Travesía Náutica Xacobea, ruta mariña que conmemora o oitavo centenario da peregrinación de San Francisco de Asís a Santiago de Compostela. Sairá de Ribadeo —e o fin da primeira etapa en Viveiro— o vindeiro 6 de xullo e que foi presentada onte nas instalacións do Real Club Náutico ribadense.

O acto contou coa participación de diversas autoridades como Raquel Arias, delegada territorial da Xunta na provincia de Lugo; Alfonso Fuente, presidente da Mancomunidade de Municipios da Mariña; Ramón Acuña, presidente do Náutico, Fernando Suárez, alcalde de Ribadeo, ou Javier Ruiz de Cortázar, presidente da Asociación de Clubes Náuticos de Galicia (Asnauga), que salientaron a importancia turística que ten para a comarca un evento destas magnitudes, xa que participarán embarcacións de diferentes países do norte de Europa.

«A travesía está concebida para unir pobos con tradición xacobea, e tamén para potenciar Galicia como destino turístico náutico. Temos que recordar que anualmente máis de 14.000 embarcacións pasan frente a costa galega, e tan só se quedan en Galicia arredor de 4.000», explicou o presidente de Asnauga, que recordou que o ribadense «é un dos portos deportivos máis activos da comunidade».

O alcalde de Ribadeo, pola súa banda, destacou que a participación da localidade como punto de partida da travesía «servirá para diversificar o turismo dun concello que dispón de diversos alicientes como o casco vello ou a praia das Catedrais», valorando positivamente o «crecemento consolidado» da actividade portuaria, mentres que Fuente resaltou «a importancia do evento para dar a coñecer a Mariña lucense».

O presidente do Club Náutico de Ribadeo, Ramón Acuña, amosouse orgulloso da participación ribadense na Lion unha embarcación adaptada que formará parte da expedición: «A confederación galega de persoas con discapacidade adaptou unha embarcación para que os discapacitados poidan eliminar barreiras e formar parte do evento. Estou moi contento, ademáis, porque varios ribadenses formarán parte da tripulación».

**BANDEIRA AZUL.** Despois do acto de presentación da ruta atlántica, procedeuse ao izado da bandeira azul do porto deportivo de Ribadeo, un distintivo de calidade para estas instalacións que recibiu tamén a Q de Calidade.

Percorrido

## Unha viaxe que pasará por Viveiro, Portosín, Camariñas ou Cabo da Cruz

A Travesía Náutica Xacobea consta de dúas rutas, a atlántica e a mediterránea. A primeira delas será a que parta de Ribadeo o vindeiro día 6 de xullo, mentres que a mediterránea comezará o 15 de xuño en Xénova. A idea da organización é que todas as embarcacións se coordinen para entrar xuntas na ría de Arousa entre o 10 e o 12 de xullo. A atlántica será máis curta e con barcos máis pequenos, sen embargo englobará a máis do oitenta por cento do total de participantes.

Ribadeo será o punto de partida dunhas 35 embarcacións procedentes de Irlanda, Inglaterra, Francia e a cornisa cantábrica española, que farán paradas en Viveiro, Ares, Camariñas e Portosín para rematar no Cabo da Cruz despois de 210 millas náuticas percorridas. Os barcos participantes nesta ruta posuirán unha eslora media de 12 metros, sen contar as dúas goletas fletadas pola organización para todos aquelas persoas que desexen formar parte da tripulación.

**MEDITERRÁNEA.** A ruta mediterránea, pola súa banda, partirá de Xénova continuando por localidades como Palma de Mallorca, Roquetas, Marbella, Cádiz ou Porto, antes de chegar á súa fin tras 1.542 millas náuticas percorridas.

# As vodas de ouro do Costa Verde

CHEMI LOMBARDERO

CASE semella que non pasaron cincuenta anos, medio século, desde que no baixo do Hotel López —dúas portas con vidros, unha pequena recepción ao fondo e un amplo espazo baleiro de chan fregado con lixivia—, Severino e Pepita, recén chegados de Cangas de Narcea, fixeron co tío Manolo a modernización e trasformación no restaurante e bar Costa Verde.

A modernización estaba producíndose 'magnis itineribus' nos negocios da rúa: Arango levara o comercio á esquina de ídem desde o baixo de dona Pepita Lage; Foto Pérez substituíra pouco antes a Carrancas —que tiña o local igual que cando se fundara alí o Ateneo no ano 1915—; tres anos antes de inaugurarse o Coste Verde, Katone deixara abraiados a ribadenses e viaxeiros ao abrir o bar Italia, causando a desaparición das guitarras dos Primitivos; Emiliano, por entón, fixera una cafetaría do vello café Mediante —cristal de escaparate, barra americana, novos servizos e entrada sen porta ao cuarto do crime—; no Villaronta, que xa se publicitaban como especialistas en polbo, puxeran unha máquina de petacos e, xusto onde os nenos iamos ver a Carlitos Cid ensaiar á Coral Polifónica, ergueuse o hotel Ros-Mary que ten as ventás traseiras con vistas ao claustro franciscano.

Coste Verde. O nome ten arrecendo de nenez, amelás e trasportín do taxi do Chono. Pero tamén cheiro de Flechas Navales, Congreso Eucarístico, 'desarrollismo' dos sesenta e campañas turísticas. Naquelas campañas foi un intento que non callou o de bautizar a rexión xeográfica ao xeito das costas mediterráneas. Impúxose o errado de Cornixa Cantábrica. Cornixa que non hai por ningures por moitas voltas que se dea ao mapa.

Ocorrían acontecementos salientables en España naquel ano de 1964, mentres os país de Valentín e Rocío poñían nas mans do obradoiro de Maseda a mistura decorativa do local e nas de Monseñor Galuá —ou no seu hisopo— a certificación da fidelidade relixiosa. Por entón nos campos da Lora aparecían inmensas bolsadas de petróleo e, en Ribadeo, os estudantes do Laboral Paco Rolle, Lorenzo Molejón, Benigno Rañón, o seu primo José Carlos Posada e Ramón Vilar sacaban o bacharelato elemental —daquela dicíase que daba dereito a usar o don—; e ingresaban na Academia para conseguilo Maricarmen Llenderrozos, Ramón José Dorrego, Genito del Bazar, Aurora de Floro, e —con Matrícula de Honra— María Jesús Lamas e Maricarmen Solloso.

Foron estudantes de bacharelato, do Laboral, quen durante anos contribuíron a darlle á barra do Costa Verde ar ilustrado: futuros delineantes, técnicos agrários e turísticos pasáronlle a baeta; mais o cumio do nivel académico acadouse cando, xunto co Villaronta, puxeron á rúa San Francisco nun dos primeiros lugares do mundo pola densidade de camareiros titulados universitarios por metro cadrado. Iso foi moito antes da crise, desde logo.

Era o día de San Antonio de 1964 cando se abriu ás oito da tarde a nova cafetaría Costa Verde, «que ofrece con sus líneas modernas un confortable y acogedor local y dispone también de amplia barra. Sus decorados y alumbrados realizados con buen gusto y arte se imponen al más exigente», segundo rezaba a nova de La Comarca, xornal no que se anunciaba a próxima estrea no Cine Colón de 'La tentación vive arriba'.

Daquela os nenos e nenas aínda podiamos botar algún brilé no medio e medio da rúa, pero xa comezaban a amolar os coches... Van cincuenta anos de televisión a pé, chatos ás agachadas, silenzos de Luís, fume de baralla e cuscús reivindicativos, cincuenta anos.

# Una flota de 35 veleros zarpará de Ribadeo en la primera Travesía Náutica Xacobea

## Desde la Xunta se anima a los concellos a «facer negocio»

**JOSÉ ALONSO**
RIBADEO / LA VOZ

Por primera vez una flota de veleros rememorará la peregrinación de san Francisco de Asís a Compostela en la primera Travesía Náutica Xacobea. Se hará con dos itinerarios: la ruta mediterránea y la atlántica, que saldrá de Ribadeo y que será la que más veleros reunirá, 35, por los quince que participarán en la otra singladura. A Ribadeo llegarán las embarcaciones procedentes de Irlanda, Inglaterra, Francia y todo el Cantábrico, incluyendo varios puertos gallegos. En Porcillán se reunirán para zarpar el 6 de julio con la previsión de llegar a las Rías Baixas –tras recorrer cerca de 210 millas náuticas– entre el 10 y 12 de julio. La primera escala será en Viveiro y después Ortigueira, Ares, Camariñas, Portosín y Ría de Arousa.

La ruta mediterránea, con un recorrido de 1.500 millas, saldrá de Génova el 15 de junio y llegará a Galicia entre el 10 y 12 de julio.

Pero ha sido la Atlántica la que ha tenido más éxito. De hecho la organización, Turismo de Galicia en colaboración con la Asociación de Clubes Náuticos de Galicia (Asnagua), opina que los 35 veleros ya inscritos es el número máximo ideal. Además de estas embarcaciones privadas, de Ribadeo también saldrán dos goletas, en las que viajarán peregrinos que compartirán las labores de los marineros.

La elección de Ribadeo como punto de salida es todo un espaldarazo y un reconocimiento al principal puerto deportivo público de Galicia y al Real Club Náutico de Ribadeo que lo gestiona. Así se destacó en el acto de presentación de ayer, que contó con la presencia de Raquel Arias, delegada territorial de la Xunta; Javier Ruiz, presidente de Asnagua: Ramón Acuña, presidente del Club Náutico; Fernando Suárez, alcalde de Ribadeo, y Alfonso Fuente, presidente de la Mancomunidad, así como de representantes de los diferentes partidos políticos ribadenses.

Javier Ruiz destacó el objetivo de la travesía de unir pueblos de tradición jacobea y promocionar Galicia como destino turístico náutico y puerto único. Participar en la travesía es gratis, pero Asnagua la considera una muy buena inversión en la promoción de la náutica gallega. Raquel Arias animó a los concellos a involucrarse para divulgar un evento espectacular, que puede atraer a mucha gente y, con ello, «facer negocio» con la hostelería.



**La bandera azul ondea en Porcillán.** Ayer, tras presentar la travesía, se izó el distintivo ganado un año más por el RCN. J. ALONSO


El fin de semana es nuestro

**Hoy Corazón**, la revista semanal de información sobre la actualidad en el mundo del corazón cada sábado en tu quiosco, GRATIS con La Voz de Galicia.

Y también el sábado:



**YES**
GRATIS



**Mía**
Por 0,50€

Cada SÁBADO GRATIS




El sábado con La Voz de Galicia